



## Acta da Comisión Permanente do día 16 de maio de 2023

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 16/05/2023
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 16/05/2023
- III. Solicitude de axuda para a organización de olimpíadas do saber na Universidade de Vigo no ano 2023.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Subdirectora de Planificación e Organización Académica, Dona María Araújo Fernández, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 22 de febreiro de 2023 e extraordinaria celebrada o 17 de marzo de 2023.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das sesións anteriores.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

3. **Aprobación, se procede, da inclusión no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2022/2023 dunha saída para visitar a Mina de Penouta.**

A Presidenta sinala que se trata dunha visita organizada por Teresa Rivas, vinculada a varias materias da especialidade de Explotación de Minas, que se celebra fóra do período lectivo.

Apróbase por asentimento a inclusión da saída no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o segundo cuadrimestre.

4. **Aprobación, se procede, da presentación dunha solicitude por parte da EEME en relación á “Convocatoria de axudas para a organización de *Olimpíadas do saber na Universidade de Vigo no ano 2023*”.**

A Presidenta comenta que o 8 de febreiro a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo volveu ser a sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa XIV edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola “*Sociedad Geológica Española*” e a AEPECT (“*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*”), estando a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía implicada activamente no seu desenvolvemento desde o ano 2011.



Comenta brevemente o impreso de solicitude (ANEXO III) no que se recolle a memoria xustificativa da actividade desenvolvida e aclara que, para solicitar esta axuda de financiamento, é preciso o visto bo dun órgano colexiado do centro.

A Comisión aproba por asentimento a solicitude da axuda.

## 5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 7 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dezaseis de maio de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace  
A Presidenta

O Secretario

María Araújo Fernández

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 16/05/2023**



## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o martes, 16 de maio de 2023, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar, **na modalidade presencial**, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 22 de febreiro de 2023 e extraordinaria celebrada o 17 de marzo de 2023.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Aprobación, se procede, da inclusión no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2022/2023 dunha saída para visitar a Mina de Penouta.
4. Aprobación, se procede, da presentación dunha solicitude por parte da EEME en relación á “Convocatoria de axudas para a organización de *Olimpiadas do saber* na Universidade de Vigo no ano 2023”.
5. Rogos e preguntas.

Vigo, 9 de maio de 2023  
O Secretario

Guillermo García Lomba

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA**

CSV : GEN-dc1e-6352-8081-90e2-5bc0-cbeb-3d18-8762

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 09/05/2023 13:09 | NOTAS : F





## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 16/05/2023**



<b>Asistentes á Comisión Permanente do 16 de maio de 2023</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
María Araújo Fernández
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
Raquel Pérez Orozco
<b>Profesorado</b>
Leandro Alejano Monge
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
Javier Taboada Castro
Javier Vijande López
<b>Estudantes</b>
Carmen Alonso Pérez
Alejandro Casal Barrerio
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Desculpou a súa ausencia Elena Alonso Prieto.



### **ANEXO III**

**Solicitud de axuda para a organización de olimpíadas do saber na  
Universidade de Vigo no ano 2023**